

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS**

EXTRACTO da Resolución do 2 de febreiro de 2024 pola que se establecen as bases, en réxime de concorrencia non competitiva, de subvencións ás actividades de distribución para industrias culturais, e se convocan para o ano 2024 (código de procedemento CT402C).

BDNS (Identif.): 743417.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo se pode consultar na Base de datos nacional de subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>).

Primeiro. *Persoas beneficiarias*

1. Poden obter a condición de beneficiarias das subvencións as persoas físicas (autónomas) e persoas xurídicas privadas, con domicilio ou sucursal en Galicia ou nun territorio membro da Unión Europea ou asociado ao Espazo Económico Europeo, dedicadas profesionalmente á actividade de produción e distribución de espectáculos de artes escénicas ou musicais que desenvolvan maioritariamente a súa actividade na Comunidade Autónoma de Galicia.

2. Tamén poden ser beneficiarias as agrupacións de persoas físicas ou xurídicas privadas, comunidades de bens ou calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio separado que, aínda carecendo de personalidade xurídica, poidan levar a cabo as actividades obxecto da subvención, con domicilio ou sucursal en Galicia ou nun territorio membro da Unión Europea ou asociado ao Espazo Económico Europeo, dedicadas profesionalmente á actividade de produción e distribución de espectáculos de artes escénicas ou musicais que desenvolvan maioritariamente a súa actividade na Comunidade Autónoma de Galicia.

Segundo. *Finalidade*

Determinar as condicións que regularán a concesión de subvencións para promover a distribución exterior e interior de bens e servizos culturais producidos por empresas vinculadas ás artes escénicas e ou musicais dentro do seu plan de xira comprendidos nos prazos indicados nesta resolución e proceder á súa convocatoria para o ano 2024.



Terceiro. Bases reguladoras

Resolución do 2 de febreiro de 2024 pola que se establecen as bases, en réxime de concorrencia non competitiva, de subvencións ás actividades de distribución para industrias culturais, e se convocan para o ano 2024 (código de procedemento CT402C).

Cuarto. Importe

O crédito destinado ao financiamento destas axudas é de 600.000 euros con cargo á aplicación orzamentaria 10.A1.432B.470.0 dos orzamentos xerais da Agadic para o exercicio 2024 (código de proxecto 2015-00003), distribuídos como segue:

| Artes escénicas | Importe | Música | Importe |
|----------------------|-----------|----------------|-----------|
| Modalidade A.1 | 180.000 € | Modalidade B.1 | 210.000 € |
| | | Modalidade B.2 | 50.000 € |
| Modalidade A.2 e A.3 | 40.000 € | Modalidade B.3 | 40.000 € |
| Modalidade A.4 | 80.000 € | | |
| Total | 300.000 € | Total | 300.000 € |

Quinto. Prazo de presentación de solicitudes

O prazo para a presentación das solicitudes será desde as 9.00 horas do día seguinte á publicación da correspondente convocatoria no *Diario Oficial de Galicia* e rematará aos cinco meses as 9.00 horas.

Santiago de Compostela, 2 de febreiro de 2024

Román Rodríguez González
Presidente do Consello Reitor da Axencia Galega
das Industrias Culturais

